



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA
C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Reunión da MESA DE FORMACIÓN

Na reunión de onte tratouse o tema da formación departamental onde a AEAT trasladounos unha visión global da formación impartida no 2013, como son o coste total, número de alumnos, orzamento anual, así como a valoración do profesorado por parte dos alumnos. É de reseñar que no ano 2013 hai un 42% mais de alumnos que no 2012 e, sen embargo, o coste total foi mais baixo debido sobre todo a utilización das novas tecnoloxías como Spontania e mais e-learning.

Sorprendeunos que, pese a que estamos a recibir moitas queixas sobre os cursos, sobre todo os realizados a través do sistema Spontania, a valoración do profesorado é moi alta: unha media de 4,02 sobre 5. Desde a CIG pensamos que a formación debería ser de carácter presencial e que tiveran en conta as propostas da parte social na elaboración das enquisas ou na selección do profesorado. Tamén nos pareceu moi xustiña a duración da formación que se impartiu ao persoal da Campaña de Renda, sobre todo aos que comezaban a campaña este ano, e que os exames que se fixeron ao persoal deberían ser de carácter práctico.

En canto á formación continua da AEAT achegamos o noso parecer xa que se deixan a maioría delas para o segundo trimestre, polo que hai unha excesiva concentración de cursos para este segundo período do ano.

En canto á **formación para a promoción interna**, hai que sinalar varios aspectos:

----- Vaise permitir que a xente que por diversas circunstancias non puido anotarse aos cursos de promoción interna nos prazos inicialmente establecidos se poida anotar agora.

-----O CTH estará aberto aos 3 exercicios dende o principio.

-----As convocatorias dos exames para Axentes e CTH seguramente se convocarán a finais de outubro ou primeiros de novembro.

-----A AEAT vai solicitar a descentralización dos exames de promoción interna polo que están pendentes das directrices de Función Pública.

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

mariacarmen.ares@correo.aeat.es

WWW.CIGAEAT.COM